

CTO. GALEGO DE WATER-POLO XUVENIL MIXTO

Tempada 2012 - 2013. Circular 12-44.

1.- PARTICIPACIÓN.

- 1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles clubs inscritos na FEGAN, até un máximo de dous equipos por clube. Devandito caso virá condicionado polo Sistema de competición Modelo 6.
- 1.2.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa (Licenza Deportista de Competición).
- 1.3.- É de obrigada cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubs presenten unha relación de xogadores segundo o ANEXO 1, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do carné federativo antes de cada encontro.

2.- INSCRICIÓN.

- 2.1.- Os clubs deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO 1 debidamente cumprimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 30 días antes da celebración do campionato.
- 2.2.- Os clubs que non cumpran os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos do campionato galego xuvenil.
- 2.3.- Unha vez finalizado o prazo e en función do número de equipos inscritos a FEGAN comunicará o Sistema de Xogo a empregar.

3.- CALENDARIO.

- 3.1.- Celebrarase un campionato de verán segundo calendario. As datas poden ser modificadas sempre que afecten dalgún xeito e previa xustificación ás competicións nacionais, nese caso comunicariáanse oportunamente a todos os clubs, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

4.- SISTEMA DE XOGO.

- 4.1.- O sistema de xogo a empregar quedará supeditado ao número de equipos inscritos. Para conseguir unha maior celeridade á hora de concretar que sistema de xogo se empregará en cada tempada achéganse os modelos para o coñecemento de todos os clubs galegos.

No caso de inscribirse só tres equipos, o sistema de competición será en formato liga (A-B; A-C; B-C)

- 4.3.- En todos os partidos e en todos os sistemas de competición, acabarase cun vencedor (sen posibilidade de empate).
- 4.4.- Xogarase conforme á normativa de wáter-polo publicada.
- 4.5.- No caso de que nun Sistema de Xogo existisen 2 opcións distintas a empregar, a FEGAN será quen decida que sistema de xogo a empregar.
- 4.6.- O sorteo celebrarase no campionato anterior, no caso de que sexa o primeiro campionato en disputar, o sorteo celebrarase na sede da FEGAN, comunicando previamente a data e hora do mesmo.

5.- OBRIGAS DOS EQUIPOS.

- 5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.
- 5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

6.- TÍTULOS E PREMIOS.

6.1.- Entregarase un trofeo ao equipo campión Galego e medallas aos compoñentes dos equipos clasificados nos tres primeiros postos.

6.2.- O equipo vencedor será o que teña dereito a disputar o Campionato de España Xuvenil.

A Coruña, 28 de setembro de 2012

Secretaría Xeral FEGAN